

**MARÍA CACHARRO LÓPEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA).**

**CERTIFICO:** Que, a **Xunta de Goberno Local**, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día **29 de xullo de dous mil quince**, aprobou entre outros, o seguinte acordo:

**“1º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda**

Á vista do expediente formado para a contratación, polo procedemento aberto con multiplicidade de criterios, do servizo do programa lúdico-educativo de apertura de centros educativos públicos fora do horario lectivo no CEIP de Silleda, e que consta dos seguintes documentos:

- Proposta da alcaldía (inicialmente al Pleno) xustificando a necesidade do contrato para posibilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos veciños e veciñas de Silleda así como a educación e práctica do deporte no tempo de lecer en horario extraescolar para os nenos de educación infantil e primaria do Concello de Silleda.
- Prego de condicións técnicas particulares sobre a prestación obxecto do contrato
- Prego de cláusulas administrativas particulares, no que se establece a tramitación urxente do expediente, que se xustifica, segundo a antedita proposta da alcaldía, na recente organización da Corporación logo das eleccións municipais de maio, sendo o de 30 de xuño o primeiro Pleno ordinario ao que se podía levar o asunto. Posteriormente, pola intervención confírmase que, en atención á % que o importe do contrato representa sobre os recursos orzamentarios, o órgano de contratación non é o Pleno, polo que o expediente pasa a ser tramitado, por delegación do Alcalde mediante Decreto do 15/06/2015, pola Xunta de Goberno Local.
- Informe xurídico do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Informe de fiscalización da intervención.

Á vista da dita documentación, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións conferidas pola DA 2ª e o artigo 110 do TRLCSP, delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, para o servizo de PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda, e que se convoque a súa licitación.

**SEGUNDO.** Autorizar, pola contía de CIENTO SESENTA MIL EUROS (160.000€), o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á aplicación 324.22799 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

**TERCEIRO.** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de

*condicións técnicas particulares que rexerán o dito contrato.*

**CUARTO.** *Publicar no BOP de Pontevedra e no perfil do contratante un anuncio da licitación, para que durante o prazo de OITO DÍAS os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes”.*

E para que conste, expido este certificado, coa reserva do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Silleda, o vintenove de xullo de dous mil quince.

Vº E PRACE,  
O ALCALDE,

A SECRETARIA

Manuel Cuiña Fernández

María Cacharro López